

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3395** *Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

Nos últimos anos produciuse un progresivo agravamento do problema dos impagamentos de administracións territoriais aos seus provedores de bens e servizos, con especial impacto nas pequenas e medianas empresas. Esta situación, que afecta tanto as entidades locais como as comunidades autónomas, debe ser abordada en toda a súa dimensión e, por tanto, require dunha aproximación global a través de instrumentos á medida da súa magnitude. O Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, constitúe o punto de partida desta actuación.

Trátase, en consecuencia, de crear o instrumento necesario para executar un plan de pagamento a provedores que garanta o bo fin do mecanismo creado no Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, extensible, ademais, ás comunidades autónomas de conformidade co acordo alcanzado no Consello de Política Fiscal e Financeira que tivo lugar o 6 de marzo de 2012.

O obxectivo último do dito plan é a recuperación da actividade económica, o cal exige que as operacións en que se concrete nazan coa máxima garantía de efectividade e eficacia.

Este real decreto lei establece as condicións que permitan a obtención de recursos financeiros suficientes para o financiamento das operacións de endebedamento que se poidan concertar para o pagamento das obrigas pendentes.

A magnitude da cifra requirida, arredor dos 35.000 millóns de euros, exige a participación do maior número posible de entidades de crédito que operan en España.

Esta participación débese realizar nas condicións de mercado que teñan en conta as especiais características das operacións que se propoñen.

Pola parte relativa ás administracións territoriais, en primeiro lugar, compásase a atención aos compromisos que asumen á realidade da súa situación financeira, e fíxase para elas un prazo de 10 anos con 2 de carencia, o cal é necesario para que a operación sexa sustentable.

En segundo lugar, e desde o punto de vista operativo, permite que o pagamento dos vencementos se realice de modo agregado, simplificando toda a operativa derivada da multiplicidade sen precedentes de operacións que se realizarán en períodos de tempo extremadamente curtos.

Como resultado das consideracións anteriores, faise necesaria a creación da entidade de dereito público denominada Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores. Esta entidade constitúe un vehículo capaz de dar unha resposta eficaz a todas as cuestións sinaladas anteriormente e, con isto, garantir a eficacia dos mecanismos adoptados.

O Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores constitúese como entidade de dereito público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, habilitada para a concertación nos mercados de capitais de toda clase de operacións de endebedamento, as cales contarán coa garantía do Estado, así como para a concertación coas entidades locais e comunidades autónomas das operacións de crédito necesarias para o pagamento das súas obrigas.

Do mesmo modo, prevese que o Fondo satisfaga directamente as obrigas pendentes de pagamento subrogándose no dereito de crédito fronte á Administración territorial debedora.

Agora ben, a eficacia de todas estas medidas descansa, de maneira esencial, na sustentabilidade do mecanismo que se articula. Isto exige un compromiso rigoroso das administracións territoriais co cumprimento das obrigas que asumen, pola súa vez

garantido pola posibilidade de retención da súa participación nos ingresos do Estado, tal e como se prevé no Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro.

Por isto, as medidas adoptadas van acompañadas da exixencia dunha forte disciplina fiscal ás administracións territoriais, desenvolvéndose as obrigas que se establecen no Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, para as entidades locais e que poderán ser extensibles ás comunidades autónomas que decidan acollerse a este mecanismo.

O anterior ten reflexo nas disposicións que este real decreto lei contén en relación, tanto coa posibilidade de retención da participación nos ingresos do Estado correspondentes ás entidades locais, como co seguimento dos seus plans de axuste, verdadeira clave de bóveda da sustentabilidade do sistema no seu conxunto e garantía de que a solución que agora se arbitra deveña definitiva.

O Fondo non implica incremento das entidades públicas existentes na medida en que se asenta sobre a base doutra entidade en proceso de extinción, o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, cuxos resultados económicos permiten afrontar a constitución desta entidade sen ningún incremento de gasto público, cumprindo con isto os obxectivos de austeridade e simplificación da estrutura da Administración pública prioritarios para o Goberno.

En canto á súa estrutura, o real decreto lei componse de catro títulos e dez artigos.

O título preliminar contén as disposicións de carácter xeral, e concreta o seu obxecto e ámbito de aplicación.

O título I, dedicado integramente ao Fondo, consta de dous capítulos. O capítulo I regula a súa constitución e réxime xurídico; o capítulo II contén os artigos que establecen o réxime financeiro e de control e o órgano de goberno, un Consello Reitor integrado por representantes dos ministerios de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións Públicas.

O título II establece as condicións de concertación das operacións de crédito entre o Fondo e as administracións territoriais así como, no que respecta ás entidades locais, o réxime de retención da participación que lles corresponde nos ingresos do Estado que resulte necesaria para facer fronte ás obrigas que asuma o Fondo.

O título III, cun único artigo, dedícase ao seguimento dos plans de axuste e prevé un informe periódico que deberá ser presentado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o cal poderá avalialo e someter o seu resultado ao Ministerio de Economía e Competitividade.

Por último, o real decreto lei contén seis disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e tres derradeiras.

Finalmente, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de marzo de 2012,

DISPOÑO:

#### TÍTULO PRELIMINAR

#### **Disposicións de carácter xeral**

##### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.*

Constitúe o obxecto deste real decreto lei a regulación das condicións de execución das operacións destinadas ao pagamento das obrigas pendentes das entidades locais e das comunidades autónomas que se acollesen ao mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento a provedores.

Para estes efectos, constitúese o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores e establécese o seu réxime xurídico.

## TÍTULO I

### Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores

#### CAPÍTULO I

##### Constitución e réxime xurídico

###### Artigo 2. *Constitución.*

1. Créase o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores coa finalidade de coadxuvar á concertación das operacións referidas no artigo 1.

2. O Fondo queda adscrito ao Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa e estará, no que se refire ás funcións establecidas nos artigos 8 e 10, baixo a tutela do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do cal dependerá funcionalmente para estes efectos.

###### Artigo 3. *Réxime xurídico.*

1. O Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores terá a condición de entidade pública das incluídas no artigo 2.1.g) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

2. O seu réxime xurídico será o contido neste real decreto lei e nas normas que se diten no seu desenvolvemento, e será de aplicación supletoria o establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. A este Fondo resultarlle de aplicación o disposto para o sector público empresarial no artigo 3.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

#### CAPÍTULO II

### Financiamento, órganos de goberno e control do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores

###### Artigo 4. *Financiamento.*

1. O Fondo dótese cunha achega por un importe de ata 6.000.000 miles de euros con cargo aos orzamentos xerais do Estado, dos cales 1.500.000 miles de euros serán desembolsables en 2012.

2. Para tal fin, mediante este real decreto lei, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 27, Ministerio de Economía e Competitividade, servizo 03 «Secretaría de Estado de Economía», programa 923 M «Dirección e servizos xerais de Economía e Facenda», capítulo 8 «Activos financeiros», artigo 87 «Achega patrimonial ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores» por importe de 1.500.000 miles de euros.

O crédito extraordinario a que se refire o parágrafo anterior financiarase con débeda pública.

3. Para o cumprimento dos seus fins, o Fondo poderá captar financiamento nos mercados de capitais nacionais e estranxeiros mediante, entre outros, a emisión de valores, a concertación de préstamos e a apertura de créditos, así como calquera outra operación de endebedamento, e poderá realizar operacións de troca, compra e conversión sobre as operacións descritas, dentro dos límites que para cada exercicio se fixen na lei de orzamentos xerais do Estado.

4. Coa mesma finalidade, o Estado poderá concertar operacións de préstamo co Fondo dentro do límite que se estableza na lei de orzamentos xerais de cada exercicio. Os préstamos concertados co Estado garantirán coa suficiente antelación o pagamento das obrigas contraídas.

5. Adicionalmente, o Fondo poderá realizar operacións de xestión activa da súa tesouraría.

6. Así mesmo, co fin de minimizar a exposición a riscos financeiros, poderá concertar operacións baseadas en instrumentos financeiros.

7. As emisións de valores que realice o Fondo rexeranse polo disposto neste real decreto lei e nas súas normas desenvolvemento.

8. As débedas e obrigas que o Fondo contraia para a captación de financiamento gozarán fronte a terceiros da garantía do Estado. Esta garantía ten o carácter de explícita, irrevogable, incondicional e directa.

## Artigo 5. *Órganos de goberno.*

1. A administración, xestión e dirección do Fondo corresponderá a un Consello Reitor.

2. O Consello Reitor estará integrado por un representante da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, un representante da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, un representante da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa e un representante da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Igualmente, formarán parte do Consello Reitor, con voz pero sen voto, un representante da Avogacía Xeral do Estado e outro da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O Consello Reitor poderá estar copresidido polo representante da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e o representante da Secretaría de Economía e Apoio á Empresa se así o acorda, e, no seu defecto, terá unha presidencia rotatoria.

3. O Consello Reitor terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Establecer as directrices de xestión.
- b) Efectuar o seguimento e avaliación da actividade do Fondo.
- c) Decidir a aplicación dos rendementos do Fondo.
- d) Aprobar o proxecto de orzamentos de explotación e capital.
- e) Formular e aprobar as contas anuais.
- f) Calquera outra actuación que derive do establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro.
- g) Aprobar o informe trimestral sobre a xestión do Fondo.
- h) Aprobar as súas normas internas de funcionamento.
- i) Adoptar os acordos pertinentes, incluída a contratación de servizos con entidades públicas ou privadas, para dotar o Fondo de cantos medios materiais e persoais sexan necesarios.

4. Co obxecto de valorar as propostas e demais decisións que sexan da súa competencia, o Consello Reitor contará co asesoramento técnico que coide oportuno; e en particular, o do Banco de España e o da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

5. O réxime xurídico de actuación do Consello Reitor axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A Intervención Xeral da Administración do Estado controlará o Fondo a través da auditoría pública, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

## Artigo 6. *Réxime contable.*

1. O Fondo deberá aplicar os principios e normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española, así como as súas adaptacións e disposicións que o desenvolven.

2. O Fondo renderá contas ao Tribunal de Contas de acordo co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

3. Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Contas pola súa lei orgánica, a xestión económico-financiera do Fondo estará sometida a auditoría pública realizada pola Intervención Xeral da Administración do Estado nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

## TÍTULO II

### **Operacións de crédito con entidades locais e comunidades autónomas**

#### *Artigo 7. Concertación de operacións de crédito.*

1. O Fondo concertará operacións de crédito coas comunidades autónomas que se acollan ao mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento a provedores e coas entidades locais para o pagamento das obrigas pendentes de entidades locais e comunidades autónomas.

2. De ser o caso, o Fondo poderá realizar operacións de cancelación de obrigas pendentes de pagamento das ditas administracións territoriais por instrución do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

3. En todo caso, a disposición do financiamento concedido ás administracións territoriais farase mediante o pagamento directo aos provedores, subrogándose o Fondo nos dereitos que ao dito provedor correspondesen fronte ás ditas administracións territoriais polo importe efectivamente satisfeito conforme o Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais.

#### *Artigo 8. Retención da participación das entidades locais nos tributos do Estado.*

1. As operacións de crédito previstas no presente título que concerten as entidades locais estarán garantidas polas retencións previstas no artigo 11 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro.

2. O Estado transferirá ao Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores as participacións nos ingresos do Estado retidas ás entidades locais para a satisfacción das obrigas derivadas da operación, sendo de aplicación o previsto na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos termos que, se for o caso, estableza a lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio.

3. Se a entidade local non tivese concertado a operación de endebedamento, a retención prevista no artigo 11 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, compensará os gastos e custos financeiros en que se incorreu.

4. Aplicaranse igualmente as normas anteriores a aquelas entidades locais que non tivesen concertado a operación de crédito.

#### *Artigo 9. Axente de pagamentos.*

Corresponderá ao Instituto de Crédito Oficial a administración e xestión das operacións que se concerten ao abeiro deste real decreto lei mediante o pagamento da correspondente compensación económica.

## TÍTULO III

### **Seguimento do plan de axuste**

#### *Artigo 10. Obrigas de información de entidades locais.*

Con carácter xeral, as entidades locais que concerten as operacións de endebedamento previstas neste real decreto lei deberán presentar anualmente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un informe do interventor sobre a execución dos plans de axuste recollidos no artigo 7 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro.

No caso das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberase presentar o informe anterior con periodicidade trimestral.

Do informe do interventor darase conta ao pleno da corporación local.

O dito informe, cuxo contido se determinará regulamentariamente, someterase a requirimento do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, á valoración polos órganos competentes deste, que informarán o Ministerio de Economía e Competitividade do resultado da dita valoración.

Así mesmo, co fin de garantir o reembolso das cantidades derivadas das operacións de endebedamento concertadas, as entidades locais que as concertasen poderán ser sometidas a actuacións de control por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado. A Intervención Xeral concretará os controis que se deben realizar e o seu alcance, en función do risco que derive do resultado da valoración dos informes de seguimento.

Para a execución das ditas actuacións de control, a Intervención Xeral poderá solicitar a colaboración doutros órganos públicos e de empresas privadas de auditoría, que se deberán axustar ás normas e instrucións que determine aquela. O financiamento necesario para isto realizarase con cargo aos recursos do Fondo.

Disposición adicional primeira. *Extensión do réxime da débeda do Estado.*

Esténdese o réxime da débeda do Estado previsto no Real decreto 505/1987, do 3 de abril, polo que se dispón a creación dun sistema de anotacións en conta para a débeda do Estado, aos valores de renda fixa representados mediante anotacións en conta que emita o Fondo establecido en virtude deste real decreto lei.

Disposición adicional segunda. *Extensión do réxime fiscal da débeda do Estado.*

As débedas que o Fondo contraia para a captación de fondos terán o mesmo réxime fiscal que a débeda do Estado tanto para residentes como para non residentes.

Disposición adicional terceira. *Aplicación do mecanismo de financiamento para o pagamento a provedores das entidades locais.*

Para os efectos da aplicación do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais:

1. Entenderanse incluídas no seu ámbito de aplicación as obrigas pendentes de pagamento derivadas de contratos de xestión de servizos públicos na súa modalidade de concesión, sempre que cumpran os requisitos previstos no mencionado real decreto lei.

2. Nos supostos de cancelación fraccionada, mencionados no artigo 3.3 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, a exibilidade da obriga pendente de pagamento a que se refire a mesma norma entenderase referida ao importe total pendente de pagamento no momento en que se emita a relación certificada pola entidade local debedora.

3. Só se poderán considerar incluídas no ámbito de aplicación da citada norma as entidades locais a que resultan aplicables os modelos de participación en tributos do Estado, ás cales se refiren os capítulos III e IV dos títulos II e III do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4. Como consecuencia das especialidades do seu réxime foral, o mencionado Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, non será de aplicación ás entidades locais do País Vasco e de Navarra.

5. O plan de axuste regulado no artigo 7 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, será elaborado polas respectivas corporacións locais, de acordo coa súa potestade de autoorganización, e presentarse, con informe do interventor, para a súa aprobación polo pleno da corporación local.

Disposición adicional cuarta. *Anticipo da liquidación definitiva da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2010.*

1. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas anticipará de oficio o 50 por cento do importe estimado dos saldos das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado que resulten a favor das entidades locais correspondentes ao ano 2010, por todos os conceptos de financiamento a que se refiren os capítulos III e IV, tanto do título II como do título III do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. O citado anticipo terá, se for o caso, a consideración de pagamento á conta da liquidación mencionada, cuxo cálculo se efectuará no ano 2012, e, mentres non se aprobe a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, transferirase, na parte que corresponda ao estado de gastos, con cargo ao crédito dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 prorrogados, dotado na sección 36, servizo 21, programa 942M, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento. Se estiver aprobada a citada lei de orzamentos xerais do Estado, transferirase con cargo ao crédito correspondente aos referidos sección, servizo, programa e concepto do correspondente estado de gastos. O anticipo que corresponda á liquidación estimada da cesión de impostos estatais tramitarase como devolucións de ingresos no concepto a que se refira aquela cesión.

3. O importe restante da liquidación definitiva que se calcule, unha vez coñecidos todos os elementos necesarios para isto, transferirase na parte que corresponda ao estado de gastos con cargo ao concepto dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 dotado para aquela finalidade, e a parte que corresponda á cesión de impostos estatais tramitarase como devolucións de ingresos no concepto a que se refira aquela cesión.

4. Compensaranse con cargo a aquel anticipo as débedas que, de ser o caso, teñan as entidades locais coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, en aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, de acordo cos criterios establecidos no artigo 125 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

5. Non se poderá recoñecer o anticipo a que se refire o presente precepto a aquelas entidades locais ás cales, na data de entrada en vigor da presente norma, se lles estivese aplicando a retención das entregas á conta da participación en tributos do Estado en cumprimento do artigo 36 da Lei 2/2012, do 4 de marzo, de economía sustentable.

6. Mediante lei de orzamentos xerais do Estado poderanse establecer e regular os anticipos das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondentes a exercicios posteriores a 2010.

Disposición adicional quinta. *Mecanismos extraordinarios de financiamento para o pagamento aos provedores das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas que se acollan ao mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento aos provedores aprobarán un acordo do Consello de Goberno ou órgano competente en que conste expresamente que se asume o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira aprobado o 6 de marzo de 2012.

Disposición adicional sexta. *Extinción do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

O Consello de Ministros poderá acordar a extinción e liquidación do Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nel.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do anexo III da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.*

Engádese no anexo III da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 o Fondo para a Financiamento dos Pagamentos a Provedores por un importe de 35.000.000 miles de euros, entendéndose que a cifra autorizada se corresponde coa emisión de valores, a concertación de préstamos e a apertura de créditos, e calquera outra operación de endebedamento, así como as operacións de troca, compra e conversión sobre as operacións descritas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízanse os ministros de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións Públicas para ditaren as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY